

## **PROCEDEMENTO A TER PRESENTE NO MOMENTO DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA DESESCALADA PROVOCADA POLO COVID-19**

---

Este procedemento redáctanse co obxectivo de asignar o réxime de uso e acceso ás instalacións deportivas xestionadas directamente polo Departamento de Deportes do Concello para a práctica de adestramentos individuais dos deportistas federados das entidades deportivas inscritas no rexistro Municipal de Asociacións. Deste modo, iníciase este período especial de solicitude provocado pola pandemia do COVID-19, atendendo as fases de desescalada previstas polo Goberno do Estado e suxeita a cambios e modificacións segundo se publiquen novas ordes e normativas polas autoridades sanitarias e/ou deportivas.

Así mesmo, será de obrigado cumprimento por parte das entidades beneficiarias respectar a normativa de uso e funcionamento das instalacións deportivas (aprobada na Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2011), e o “Protocolo de reapertura das instalacións deportivas municipais”.

Con carácter xeral, iníciarase o proceso de reapertura a partir da fase 2 da desescalada, e segundo o cronograma de reapertura aprobado na Xunta de Goberno do 22 de maio de 2020. O inicio da actividade deportiva realízase baixo demanda e de forma xustificada. En todo caso, o reinicio da actividade deportiva realízase baixo a exclusiva responsabilidade das entidades e os deportistas.

A reapertura das instalacións obxecto de solicitude, quedará supeditada a evolución da emerxencia sanitaria.

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS:**

As asignacións de uso terán validez para o mes de xuño, podendo ampliarse durante o mes de xullo co obxectivo de atender as necesidades das entidades deportivas.

Permitirase a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.

#### Destinatarios:

Con carácter xeral, as entidades deportivas debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións. O carácter do uso das instalacións é de forma individual baixo a tutela dunha entidade deportiva

Os usuarios terán licenza federativa en vigor e serán preferentemente maiores de idade ou con carácter excepcional maiores de 14 anos. Non se contempla a participación dos deportistas menores de 14 anos, salvo mediante xustificación suficiente e debidamente documentada no caso de modalidades deportivas e ámbitos de competición que requiran o comezo da súa actividade. En todo caso, os menores de idade precisarán dunha autorización por parte de nai, pai ou titor legal para o inicio da actividade.

Á hora de definir con carácter xeral os criterios de uso valorarase o carácter oficial da actividade, o nivel da categoría deportiva obxecto de solicitude e a necesidade de comezo da actividade por razóns competitivas.

Terán prioridade para o uso de instalacións as modalidades deportivas que non se poidan realizar fóra das instalacións.

No caso das pistas de atletismo, poderá solicitarse o uso das pistas de xeito individual por atletas con licenza federativa maiores de idade. Terase como primeiro criterio dar cobertura aos deportistas pertencentes aos clubs inscritos no rexistro municipal de asociacións. Estas solicitudes teranse en conta unha vez atendidas as realizadas polas entidades, podendo o Departamento de Deportes establecer uns criterios de valoración en función da demanda.

Nesta primeira etapa, non se considera a solicitude para a organización de eventos ou campionatos de calquera tipo.

A administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual ou total do uso das instalacións en función das necesidades do Departamento de Deportes, sen que a entidade afectada

teña dereito a ningunha compensación ou alternativa. Neste suposto, notificarase tal circunstancia ao correo electrónico facilitado na instancia de solicitude con antelación, sempre que sexa posible.

#### **PRAZO DE SOLICITUDE:**

Ábrese un primeiro período de solicitude oficial de uso, aberto exclusivamente para os clubs deportivos municipais, este período será do 1 de xuño ao 15 de xuño, ambos inclusive.

A presentación da solicitude realizarase como mínimo 48 horas antes da data para a que se solicita o uso da instalación.

Este prazo poderá ser ampliado, co obxectivo de atender as necesidades na volta á nova normalidade.

#### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA**

As solicitudes deberán presentarse a través do Rexistro Municipal enviando un correo electrónico a [registro@santiagodecompostela.gal](mailto:registro@santiagodecompostela.gal). A solicitude estará composta por unha declaración responsable (segundo modelo que se achega) xunto cunha fotocopia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude. En caso de solicitudes de carácter individual, presentarase o formulario (segundo modelo) xunto con fotocopia de DNI e copia da licenza federativa.

Tamén poderá realizar este trámite mediante o rexistro electrónico do Estado que permite presentar documentos para a súa transmisión electrónica a outras administracións públicas integradas no sistema de interconexión de rexistros: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>

No caso de non lle sexa posible presentar a documentación a través dos canais indicados anteriormente, pode contactar telefónicamente co Rexistro do Concello de Santiago de Compostela, que lle atenderá con cita previa. Teléfono para solicitar cita previa de atención presencial no Rexistro Xeral : 981 543 122

Co fin de axilizar esta solicitude deberase remitir o correo en copia ao Departamento de Deportes ([deportes@santiagodecompostela.gal](mailto:deportes@santiagodecompostela.gal)) no mesmo día da súa presentación.

Poderá ser necesaria a entrega de mais documentación segundo a modalidade e instalación deportiva obxecto de solicitude.

**IMPORTANTE:** As solicitudes con documentación pendente, atenderanse unha vez completada toda a documentación. As presentadas fóra de prazo atenderanse unha vez se realice o reparto xeral, e dentro das disponibilidades existentes.

#### **RESOLUCIÓN INICIAL**

O Departamento de Deportes contactará coas entidades solicitantes co obxectivo de dar a coñecer resolución inicial prevista, unha vez asignado os días/ horas/ aforos... ás entidades.

Dado a situación cambiante derivada de esta pandemia, as cesións de uso iranse actualizada semana a semana.

De ser necesario, as entidades deberán remitir un listado co nome e apelidos, idade e número de licenza federativa cos deportistas que acudirán en cada quenda. Este listado deberá recibir o visto e prace do Departamento de Deportes do Concello.

O Departamento de Deportes resérvase a facultade de propoñer de xeito motivado a desestimación das solicitudes de uso daquelas instalacións que non reúnan as condicións regulamentarias para a práctica da modalidade proposta ou entrañen riscos a outras persoas, sexan deportistas ou non.

#### **NORMATIVA DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS.**

Xunto coa presente achégase unha copia do protocolo de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais para as medidas da desescalada da crise do covid-19, que serán de obrigado cumprimento por parte das entidades beneficiarias. O seu incumprimento conlevará a anulación da reserva de uso da instalación.



Departamento Municipal de Deportes de *Santiago*



CONCELLO DE  
SANTIAGO

#### INFORMACIÓN E CONTACTO

Para calquera aclaración ao respecto poden contactar coas oficinas do Departamento de Deportes no Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro chamando ao 981 528 730 en horario de 9 a 14 horas, ou a través da seguinte dirección de correo electrónico: [deportes@santiagodecompostela.gal](mailto:deportes@santiagodecompostela.gal)